

## Debates abertos en torno aos medios públicos audiovisuais galegos: xustificar o inxustificable?

Ana Isabel Rodríguez Vázquez - [anaisabel.rodriguez.vazquez@usc.es](mailto:anaisabel.rodriguez.vazquez@usc.es)

(Facultade de Ciencias da Comunicación - Universidade de Santiago de Compostela)

### Resumo

O contexto de fonda crise económica coloca aos medios públicos en xeral, e aos galegos en particular, nunha encrucillada de valores que obrigan a xustificar o inxustificable, entendendo por esto último o que non precisa de xustificación porque ésta resulta evidente. Unha contradicción que se xenera, en gran medida, co cambio legislativo que abriu a porta a posibles privatizacións, o que provocou cruces de discursos políticos, profesionais e sociais que calaron na opinión pública nunha idea reduccionista do debate: o custe do servizo público de radio e de televisión en tempos de crise. E xurden as preguntas que conducen a ter que xustificar o inxustificable: por que se deben manter os medios públicos audiovisuais neste contexto de complexidade económica? Ante unha resposta afirmativa, as incógnitas seguintes plantéxanse en torno a que custe deberían pervivir estes medios? Cantos traballadores son necesarios para garantir a súa calidade? Que contidos deben manterse e cales son prescindibles? Que papel deben seguir tendo os medios públicos na estrutura audiovisual actual? Confúndese, pois, a necesidade de xustificar o inxustificable co reto de revisar, readaptar, redimensionar e reacomodar os medios públicos ás novas realidades e aos novos contextos hipervisibilizados a raíz da complexa situación económica das administracións públicas encargadas de soste a súa base financeira. E os medios públicos audiovisuais galegos reunidos en torno á CRTVG participan deste contexto, por iso este artigo preséntase como un espazo aberto á reflexión e análise crítica da situación actual tras case tres décadas de evolución. O título xenérico: "Debates abertos en torno aos medios públicos audiovisuais galegos: xustificar o inxustificable?", compila e deixa constancia dunha serie de cuestións que, rematando o ano 2012, acaparan a visibilidade social destes medios.

**Palabras-chave:** Medios audiovisuais, estrutura audiovisual, programación e audiencias

### Abstract

The context of the deep economic crisis puts the public media in general, and to Galicia in particular, at the crossroads of values that require them to justify the unjustifiable, meaning this last not need justification because it is obvious. TV and in times of crisis. And the questions that arise lead to having to justify the unjustifiable: why should keep the public audiovisual media in this context of economic complexity? Given an affirmative answer, the following questions is raised around costs should survive the media? How many workers are needed to ensure its quality? What content should be kept and which are expendable? What role should continue taking the public media in the visual structure today? Confused, because the need to justify the unjustifiable with the challenge of reviewing, readaptar, resize and reacomodar means public to the new realities and new contexts hipervisibilizados a result of the complex economic situation of the government responsible to insure its financial base. And the the Galician public audiovisual media gathered around CRTVG participate in this context, so this article is presented as an open space for reflection and critical analysis of the current situation after nearly three decades of evolution. The generic title: "Open Debates about the Galician public audiovisual media: to justify the unjustifiable?" compiles and notes a number of issues, ending 2012, hoarding the visibility of these social media.

**Keyword:** Media, visual structure, programming and audiences

## Introdución

Manter a atención sobre os medios públicos audiovisuais, especialmente a televisión, segue a ser unha obriga. A necesidade de protección do espazo de servizo público audiovisual, nun contexto cada vez máis competitivo pola fragmentación dos públicos, é evidente e debe concentrar os esforzos de académicos, profesionais e colectivos sociais por lograr que as decisións políticas teñan unha firme contestación se o resultado destas accións pon en perigo a pervivencia destes medios.

Mais o convencemento pola necesidade de defensa dos medios públicos audiovisuais neste contexto de crise económica non debe tampouco quedar exento da obriga de facer autocrítica e unha recalibraxe do que foron, do que son e do que deben ser estes medios, pensando en impulsalos nas mellores condicións posibles cara o horizonte do 2020. Pero facelo nestes tempos de fonda crise económica dificulta máis aínda a xa de por sí complexa tarefa que se visualiza desde hai algún tempo, e que agora intensifícase polo debate público aberto. E Galicia non é allea a esta realidade mediática.

Por iso, partindo da problemática compartida co resto de medios públicos españois, este artigo céntrase na análise do caso especificamente galego a través da realidade das case tres décadas de existencia da CRTVG (1985-2012). Preséntanse algúns dos principais debates abertos que se organizan en torno a catro eixos nos que se concentran algunhas das temáticas que precisan unha nova mirada, unha reinterpretación en clave de revisión que tamén reforce a xustificación do inxustificable e permita mirar ao futuro de frente e con forza.

## Xustificación/revisión da razón de ser dos medios públicos audiovisuais galegos

O custe que teñen en tempo de crise nuclea os principais debates abertos na sociedade sobre o presente e o futuro dos medios públicos españois e galegos. E a visión económica contribúe á principal crise de xustificación da existencia duns e a pervivencia de outros destes medios. A idea de Rui Cádima, que se pode ler noutras páxinas deste mesmo libro, de que no contexto da crise europea resulta evidente a necesidade de explicar e de reforzar con claridade a lexitimación do investimento da administración nos operadores de radio e de televisión, é indiscutible pero non resulta doada de aplicar. No caso galego, a Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) viuse claramente afectada polos recortes orzamentarios da Xunta que en 2012 reduciu, por primeira vez nunha década, a súa aportación por debaixo dos 100 millóns de euros. O orzamento da CRTVG neste ano foi un 3,62% inferior ao de 2011, destinándose o 47,9% a gastos de persoal. Según datos presentados polo director xeral, Alfonso Sánchez Izquierdo (Sánchez Izquierdo, 2012:476), a TVG representa un custo de 36,6 euros ao ano por habitante, según datos de 2011. Desta cifra, 3,2 euros corresponden á Radio Galega e 33,4 euros á Televisión de Galicia, e interpreta estes custes como os menores entre as televisións autonómicas que emiten íntegramente en lingua propia, e os sitúa tamén na franxa baixa de custes dos estándares europeos. A convocatoria de eleccións anticipadas á Presidencia da Xunta impide coñecer o dato do orzamento previsto para 2013 que se agarda que manteña a mesma tendencia á baixa no contexto da obriga do cumprimento do obxectivo de déficit de Galicia respecto do resto de España.

Xustificar e lexitimar, pois, o investimento nos medios públicos audiovisuais galegos segue a ser unha tarefa obrigada de cara á cidadanía. Como apunta o propio Rui Cádima (Cádima, 2010:20), "el servicio público se justifica y legitima porque se diferencia de los operadores comerciales por su función última, que es la de servir al interés general. Sin embargo, en la actualidad, la misión y las competencias del servicio público siguen siendo demasiado ambiguas. A veces se tiene la impresión de que la definición de Televisión Pública no va más allá del concepto de servicio de interés económico general". E nunha clara intención por facer converxer esta necesidade de xustificar o investimento nos medios públicos audiovisuais coa obriga de repensar unha nova definición do servizo público mediático, déronse varias iniciativas que se canalizaron nalgúns manifestos de defensa do sistema público de medios audiovisuais. Cómpre analizar, pois, o caso galego a través das voces públicas que, como ULEPICC Sección España (Unión Latina de Economía Política da Información, a Comunicación e a Cultura), diante do Real Decreto-lei 15/2012, do 20 de abril, de modificación do réxime de administración da Corporación RTVE e do proxecto de lei para flexibilizar os modos de xestión das canles públicas de televisión autonómica (Consello de Ministros de 20/04/2012 reformando a Lei Xeral

de Comunicación Audiovisual de 2010), emitía unha declaración crítica co que califica de “regubernamentalización intolerable” de RTVE e proceso de desmantelamento e privatización das televisións autonómicas, propoñendo a apertura dun debate xeral sobre o servizo público e a súa viabilidade.

Nunha visión xa máis centrada ao caso específico das televisións autonómicas, a Asociación Española de Investigación en Comunicación (AE-IC), defende a pervivencia destas canles. Logo dunha sesión plenaria adicada a estes medios no congreso de Tarragona de xaneiro de 2012, AE-IC presentou un documento de defensa do Servizo Público de Radio e de Televisión, lembrando o papel que estes medios debían cumprir na sociedade, e que pasa por:

- a xeración e a difusión dos valores democráticos
- a garantía dunha información veraz, plural e de calidade
- a descentralización do sistema comunicativo e de proximidade á cidadanía
- o desenvolvemento da cultura, as identidades e a normalización lingüística
- a cohesión social en momentos de extremo risco de desintegración social
- a produción propia e o desenvolvemento dun sector audiovisual diversificado e amplo, creador de emprego e a promoción e intercambio das diversas culturas do Estado español.

Uns postulados que no caso galego véñense contemplando desde a Lei 9/1984, de 11 de xullo, de Creación da Compañía Radio-Televisión de Galicia, no marco do desenvolvemento do artigo 34.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia do ano 1981 no que se contempla a posibilidade que ten a Comunidade Autónoma de regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins. Esta norma ven de ser modificada pola Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos Audiovisuais de Galicia, aprobada cos votos a favor do PPdeG e do PSdeG, e cunha importante contestación por parte do Comité de Empresa da CRTVG. Céntrase, especialmente, na transformación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades Radiotelevisión Galicia, S.A. e Televisión de Galicia S.A. nunha única corporación pública autonómica, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. que mantén o modelo mixto de financiamento con aportación de recursos pola vía da compensación polo cumprimento da misión de servizo público, e pola vía dos ingresos publicitarios ou derivados da cesión de dereitos. Unha normativa que tamén pretende adecuar a Corporación RTVG ás novas circunstancias tecnolóxicas derivadas do dixital e de internet.

As intencións recollidas na exposición de motivos da Lei dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, como “garante os valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade co fin de contribuír á formación dunha opinión pública informada”, contrastan coas queixas dos traballadores que, no Manifesto en Defensa da Radio e a Televisión Públicas de Galicia, denuncian que no contexto actual “unha información plural e crítica é máis necesaria ca nunca para a cidadanía que asiste impotente ao desmantelamento de boa parte dos medios”, principalmente os editados en galego, e insisten en que “desta volta, a Radio Televisión Pública de Galicia está tamén ameazada”.

Ademáis do valor informativo, o artigo 4 do Título I desta Lei presenta os principios inspiradores dos medios públicos galegos que, modificando o mesmo artigo da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia, reforzan o seguinte:

- o respecto e defensa dos principios da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, e os dereitos e liberdades que neles se recoñecen
- a promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia
- o fomento da produción audiovisual propia e de emisións que coadxuven a proxección de Galicia cara o exterior e de información ás comunidades galegas do exterior
- o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia
- o respecto á dignidade humana, á honra, á intimidade persoal e á propia imaxe
- a promoción activa da igualdade entre homes e mulleres (incluíndo o uso de linguaxe non sexista)
- a protección da xuventude e da infancia
- a obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativas, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural

- a separación entre información e opinión, a identificación de que sostén estas últimas e a súa libre expresión dentro dos límites constitucionais e estatutarios
- a garantía de máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio
- a procura do desenvolvemento do sector audiovisual desde o punto de vista da mellora da súa contribución á economía da comunidade autónoma
- a garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso efectivo aos contidos emitidos
- a garantía dos dereitos dos consumidores e usuarios respecto á programación, a publicidade e outras modalidades de promoción comercial
- o fomento do coñecemento dos valores ecolóxicos e do respecto e protección do medio ambiente
- a conservación e custodia dos documentos de acordó á normativa de patrimonio cultural que deban integrar o patrimonio documental de Galicia

De especial importancia, ademais do artigo 6 no que se contempla o galego como lingua da Corporación, é o artigo 5 que define o concepto de servizo público como “servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canles de radio, televisión e servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os dintos xéneros, destinados a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretenemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega”. Enténdese que “a función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canles xeralistas e temáticos, así como a oferta de servizos interactivos” e que “na medida en que o espectro radioeléctrico e as tecnoloxías disponibles o possibiliten, irase tendendo á difusión por medio de canles dixitais temáticos específicos con atención preferente ao público infantil e xuvenil (...) asegurando unha maior participación e acceso ao espazo público de comunicación da pluralidade política, social e cultural representativa da sociedade galega”.

Este texto, sen embargo, non foi desenvolvido nunha parte fundamental como é a elección e o nomeamento polo Parlamento de Galicia dos membros do consello de administración nin do director xeral da Corporación RTVG.

### **Xustificación/revisión do paso do tempo: 1985-2012**

O paso do tempo da conta do asentamento da CRTVG na sociedade galega. Cando se cumpren case tres décadas da súa creación e ven de conmemorarse o 25 aniversario da súa posta en marcha, xa hai motivos para facer balance. Como sosteñen os propios traballadores da CRTVG no Manifesto en Defensa da Radio e a Televisión Públicas de Galicia, presentado durante unha mobilización o 27 de outubro de 2011, “cantos nenos e mozos deste país medraron co Xabarín Clube? A cantas persoas acompaña o Luar cada noite de venres? Canta xente pasa a madrugada escoitando o Pensando en ti da Radio Galega? Onde se van ver e escoitar a información e o deporte galegos? (...) Onde van ter voz os nosos gandeiros, labradores e mariñeiros se desaparecen a Televisión de Galicia e a Radio Galega?”.

Desde que a CRTVG empezou a emitir o 24 de xullo a súa programación en galego, conseguiu marcar unha serie de fitos, especialmente relacionados coas tecnoloxías de difusión: así, foi a primeira canle autonómica do estado español que emitiu regularmente vía satélite (foi co programa “Galeguidade” o 29 de decembro de 1994); tamén difundiu o seu sinal por primeira vez a través da rede de fibra óptica de telefonía o 25 de novembro de 1994 (foi dende Silleda e ofreceulle aos seus espectadores imaxes do IV Salón da Enerxía e Desenvolvemento Rural); ofreceu por primeira vez un teletexto en galego o 11 de outubro de 1995, iniciando as súas emisións regulares o 15 de decembro de 1995; emitiu por primeira vez en sistema Pal Plus (16 :9) en outubro de 1995 e gravou por primeira vez neste formato no Torneo Campión de Campións de squash celebrado en Santiago de Compostela os días 28 e 30 de novembro de 1996. A TVG iniciou as súas emisións regulares cara a América vía satélite a través da canle Galeusca o día 31 de decembro de 1996 e pon en marcha a súa propia canle cara América o 1 de abril de 1997; iniciou as emisións para Europa en dixital o día 7 de marzo de 1998 a través do satélite Eutelsat Hod Bird-3 e o 7 de xullo de 1998, ás 21 horas e 27 minutos, realizou a primeira conexión de satélite cunha unidade móbil de enlaces propia para o “Telexornal Segunda Edición” e desde a Expo de Lisboa.

TVG foi a primeira canle de Europa e a sétima do mundo en ofrecer as súas emisións regulares por Internet en tempo real, que se inician ás cero horas do día 17 de maio de 1997, Día das Letras Galegas. Comezou a emitir con tecnoloxía dixital terrestre desde os Centros Emisores de Pedroso (Santiago), A Bailadora (Ares-Ferrol), Domaio (Moaña) e Tomba (Pontevedra), en marzo de 2002.

Ademáis de no plano técnico, TVG tamén foi pioneira en accións sobre contidos. Así, en xaneiro de 2003 presenta o seu Plano de Cine, TV Movies, Series e Programas para Televisión de Galicia, S.A., do 2003, co que se establece un concurso público de petición de ofertas para a realización de produtos audiovisuais.

No caso da Radio Galega, como sostén Xosé Soengas (Soengas, 2008: 19-27), a súa aparición modifica completamente o panorama radiofónico xa que “é a primeira emisora pública que emite para toda Galicia e en galego, sen depender de ningunha emisora de ámbito estatal, e coa estrutura dunha emisora xeralista”. Soengas confirma que “este é posiblemente un dos acontecementos máis importantes do panorama radiofónico galego, pois agora Galicia conta cunha radio propia que emite íntegramente no seu idioma”.

Ambos medios, as dúas canles de TVG (TVG e G2) e as tres da Radio Galega (Radio Galega, RG Música e Son Galicia), seguen ofrecendo, a finais de 2012, unha programación que abrangue noticias, concertos, programas culturais, contidos infantís, concursos, xogos, música, series, filmes, debates e deportes que, ademáis, teñen unha versión interactiva a través da páxina web [www.crtvg.es](http://www.crtvg.es), que coloca aos medios públicos galegos ao alcance de todo o mundo.

### **Xustificación/revisión do consumo da TVG**

Débase relexitimar tamén o servizo público de televisión nun contexto de hiperfragmentación e de converxencia da oferta e do consumo. Como di Rui Cádima neste mesmo libro, “a pulverización das audiencias no novo paradigma digital conduz por si só a uma crise de legitimidade do servizo público, dada a potencial perda de públicos no novo panorama face ao pasado”, e insiste en que “é fundamental saber onde se sitúa o interese geral dos contidos de servizo público, bem como a legitimidade dos *media* públicos”. Na mesma liña apunta Ramón Zallo (Zallo, Ramón, 2011:57) cando sostén que “los cambios que se están produciendo en la producción, oferta y usos comunicativos relativiza el rol de una TV pública, puesto que compite por la atención desventajosamente con otras ofertas de ocio, comunicación o TV. Su audiencia seguirá descendiendo de manera absoluta y relativa, por lo que el criterio del porcentaje de *share*, sin dejar de ser relevante, cede progresivamente su lugar a la función social del medio y al grado de satisfacción de la audiencia sobre las misiones de SP”.

No caso galego, o director xeral da CRTVG Alfonso Sánchez Izquierdo (Sánchez Izquierdo, 2012:476-478) asegura que “outra das fortalezas do sistema público galego de medios audiovisuais está na gran aceptación que ten por parte da audiencia”. En datos globais, o director xeral da Corporación RTVG fala de a TVG oscila entre a segunda e a terceira canle máis vista en Galicia, según a época do ano, e adoita ser a segunda canle autonómica máis consumida entre as televisións autonómicas. Destaca, ademáis, o papel da tvG2 que, se ben cunha cuota de pantalla en torno ao 1%, ofrece unha ampla programación infantil en galego. Completa os datos sinalando que a Radio Galega, logo de varias subas detectadas no EGM, aséntase nunha audiencia aproximada aos 155.000 oíntes diarios.

O perfil do espectador televisivo galego que consume as cadeas públicas e privadas de televisión con cobertura só neste territorio (TVG, TVG2, V Televisión e Popular TV), catalogado por grupos de idade, o ámbito social ou o tamaño da poboación de residencia, segue concentrándose nos grupos de idade altos (de 45 anos en adiante), entre as clases media-baixa e nos núcleos de poboación de ata 200.000 habitantes. O consumo dos medios propiamente galegos é moi reducido nas grandes cidades galegas (entre 200.000 e 500.000 habitantes) que seguen manifestando un consumo preferente cara cadeas de cobertura estatal. as preferencias do público galego no horario de maior consumo seguiron concentrándose en torno a TVE, TVG e Telecinco. A cadea pública galega lidera o mediodía cos informativos, La 1 faino na sobremesa e Telecinco na tarde. Sen embargo, en xuño de 2012 a tendencia no “prime time” e no acumulado do día mudou sensiblemente a favor da TVG que arrebatava o liderado a La1. A fortaleza da cadea pública no ámbito galego posiciona á TVG nun lugar preferente tamén no conxunto da Forta cunha cota de pantalla superior en algo máis dun punto á media do conxunto de

emisoras públicas: a TVG acumulou un 11.3% fronte ao 12.2% da Forta nos seis primeiros meses de 2012, situándose como a segunda autonómica máis vista, só por detrás de TV3 e seguida moi de preto por Aragón TV e Canal Sur. Competindo neste escenario está tamén a segunda canle da TVG, a tvG2, que no 2012 conseguiu acadar o 1% de cota de pantalla, por diante mesmo da privada V Televisión que pechaba o primeiro semestre de 2012 cun 0.6% de share.

**Táboa 1: Cotas de pantalla das autonómicas públicas e privadas (xaneiro-xuño 2012)**

Cadena	Enero de 2012	Febrero de 2012	Marzo de 2012	Abril de 2012	Mayo de 2012	Junio de 2012
<b>Autonómicas Públicas</b>	<b>9.9%</b>	<b>10.4%</b>	<b>10.6%</b>	<b>10.8%</b>	<b>10.1%</b>	<b>9.3%</b>
Canal Sur	10.2%	10.7%	10.7%	11.2%	10.5%	9.8%
Canal Sur 2	1.3%	1.9%	1.4%	1.3%	1.3%	1.2%
TV3	14.1%	14.9%	15.2%	14.9%	14.7%	13.3%
33	1.5%	1.5%	1.5%	1.4%	1.4%	1.5%
ETB1	1.9%	1.7%	2.3%	3.1%	2.0%	1.4%
ETB2	9.0%	9.9%	10.0%	10.0%	9.9%	9.5%
ETB3	0.8%	0.8%	0.9%	0.8%	0.8%	1.1%
TVG	11.9%	11.6%	12.0%	11.9%	10.7%	10.1%
TVG2	0.8%	0.9%	1.0%	1.0%	1.0%	1.0%
Telemadrid	5.6%	5.8%	5.9%	6.9%	6.0%	5.2%
La Otra	0.8%	0.9%	0.9%	0.9%	0.9%	0.8%
C 9	5.5%	5.7%	6.4%	5.9%	5.0%	4.2%
Noudos	0.4%	0.4%	0.5%	0.4%	0.5%	0.4%
Nou24	0.3%	0.2%	0.3%	0.3%	0.3%	0.3%
CMT	5.5%	5.7%	5.9%	6.5%	5.0%	4.9%
CMT2	0.0%	0.0%	0.0%	0.0%	0.0%	0.0%
TV Canarias	7.2%	7.2%	8.0%	8.6%	7.6%	6.6%
TV Canarias 2	0.9%	0.8%	0.8%	0.8%	0.7%	0.8%
Aragón TV	10.9%	11.5%	11.7%	11.6%	10.9%	10.2%
TPA	6.5%	6.8%	7.0%	7.6%	6.9%	7.3%
TPA 2	0.5%	0.7%	0.7%	0.8%	0.8%	1.0%
IB 3	6.9%	6.4%	6.3%	6.5%	5.8%	5.5%
7RM	3.7%	3.5%	3.8%	4.4%	3.2%	2.8%

Fonte: Elaboración propia sobre datos de Kantar Media

### Xustificación/revisión das bases para a pervivencia: horizonte 2020

O debate sobre o futuro dos medios audiovisuais públicos tamén está servido. Revisase o caso galego partindo de novo do contexto xeral que neste escenario diagnosticou a Academia das Ciencias e as Artes de Televisión nun informe sobre o novo escenario da televisión pública e as súas opcións de futuro. Aínda que centrado no caso específico de RTVE, algunhas das ideas plasmadas neste informe sobre a necesidade da televisión pública poden aplicarse ás televisións autonómicas en xeral, e ao caso galego, en particular. A Academia da TV é consciente de que as circunstancias económicas de crise e a abundancia da oferta audiovisual logo da implantación da TDT reabren o debate sobre o tamaño, a potencia, a capacidade de produción, o tipo de contidos e a forma de xestión e de financiamento das canles públicas de radio e de televisión. Sen embargo, sostén que estes medios públicos son totalmente necesarios e deben ser garantes do dereito constitucional dos cidadáns á información, protección á infancia e o respecto ás minorías, protexendo tamén á pluralidade informativa, os valores democráticos, a igualdade, accesibilidade e a variedade dos contidos. Por iso, e neste entorno de crise económica, a Academia da TV sostén que a televisión pública debe garantir a igualdade de acceso a unha fonte de información e de entretemento universal e ao alcance de todos.

Uns valores que, según o director xeral da Corporación RTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo (Sánchez Izquierdo, 2012:470), ninguén discute. Sánchez Izquierdo apuntala o decisivo papel que baixo estes principios teñen xogado os medios públicos de Galicia na protección da lingua propia, na expansión da cultura e na consolidación da identidade galegas, e di que “a corrente dominante en Galicia é que a existencia duns medios de comunicación públicos autonómicos e en galego ten toda a razón de ser, sobre todo se queremos que sirvan para a protección da cultura galega, e moi especialmente do seu idioma”. Sen embargo, Sánchez Izquierdo recoñece que “estando tan claros estes obxectivos e sendo tan

grande o consenso social e político no noso país ao redor da necesidade e importancia do sistema público de medios audiovisuais, tamén é evidente que no decurso do tempo foron mudando as circunstancias nas que a CRTVG exerce a súa actividade". Apuntala, así, a necesidade de revisión e de readaptación que teñen os medios públicos galegos para seguir cumprindo os seus obxectivos, amplamente xustificadas á marxe dos vaivéns económicos que contextos de crise como o actual poidan facer tambalear.

A mesma idea sosteñen os traballadores da Corporación que no seu manifesto do 27 de outubro de 2011 insistían en denunciar que "coa coartada da austeridade confúndese interesadamente o necesario co imprescindible, o básico co accesorio, para enganar á opinión pública" e desacreditar a necesidade de manter uns medios públicos de calidade.

Xustificado o inxustificable, é momento de avanzar cara un repensar o modelo de servizo público de radiotelevisión que, ademais da misión, os contidos, as prácticas e as plataformas de distribución das que fala Rui Cádima neste mesmo libro, no caso galego pasa tamén por un proceso de renovación que, tras case 30 anos de historia, estará marcado polo desenvolvemento da Lei dos Medios Audiovisuais de Galicia aprobada en 2011 pero sen efectivizarse, e xa envolta nun marco regulador superior tamén en cambios a partir da modificación da Lei Xeral do Audiovisual que abreu as portas á privatización dos medios públicos audiovisuais, entre eles os galegos.

### Referencias bibliográficas

- Cádima, Francisco Rui (2010), "La era digital. Legitimidad de los medios de comunicación públicos". *Telos*, nº 83. pp. 12-22.
- Rodríguez Vázquez, Ana Isabel (2012): "O encaixe da "tripla A" na "tripla C" do novo consumo televisivo", en *Papeis da Academia Galega do Audiovisual*, xullo 2011-xuño 2012, pp. 98-103
- Sánchez Izquierdo, Alfonso (2012): "O novo marco para o servizo público audiovisual de Galicia", en Salgado García, F. e Alejandro Martínez, V. (coords.): *Economía de la cultura y la comunicación en la era digital*. Lisboa: Media XXI, pp. 469-480
- Soengas Pérez, Xosé (2008): "75 anos de radio en Galicia", en *Grial*, Tomo XLVI, nº 180. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 19-27
- Zallo, Ramón (2011): "Políticas de comunicación audiovisual en (y para después de) la crisis económica en España", en Campos Freire, Francisco (coord.), *El nuevo escenario mediático*. Zamora: Comunicación Social Ediciones y Publicaciones, pp. 49-79

### Documentos en liña

- E-IC (2012): <http://www.teledetodos.com/noticias/item/369-manifiesto-de-la-asociaci%C3%B3n-esp%C3%B1ola-de-investigaci%C3%B3n-de-la-comunicaci%C3%B3n-ae-ic-en-defensa-de-la-televisi%C3%B3n-p%C3%BAblica> (Consultado o 01-10-2012)
- Comité Interempresas da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (2011): Manifesto dos traballadores da CRTVG en defensa dos medios públicos galegos: <http://agalegapublica.blogspot.com.es/p/manifiesto.html> (Consultado o 07-10-2012)
- ULEPICC (2012): <http://www.ulepicc.es/component/content/article/3-destacados/158-una-regubernamentalizacion-intolerable-de-rtve-y-un-proceso-de-desmantelamiento-de-las-rtv-autonomicas> (Consultado o 07-10-2012)

### Forma de citar este artigo:

Rodríguez Vázquez, Ana Isabel (2012): "Debates abiertos en torno aos medios públicos audiovisuais galegos: xustificar o inxustificable?" en *Anuario Internacional de Comunicación Lusófona*, 10. Santiago de Compostela: AGACOM e LUSOCOM, páxinas 35-41, recuperado o \_\_ de \_\_\_\_ de 2\_\_ de [http://issuu.com/anuariolusocom/docs/cap\\_tulo\\_3?mode=window&viewMode=doublePage](http://issuu.com/anuariolusocom/docs/cap_tulo_3?mode=window&viewMode=doublePage)





## A contribución da radio e da televisión públicas de Galicia á normalización e normativización da lingua galega

Carme Hermida Gulías – [mdocarme.hermida@usc.es](mailto:mdocarme.hermida@usc.es)  
(Universidade de Santiago de Compostela)

### Resumo

28 anos despois da aparición dos medios de comunicación públicos galegos, RG e TVG, cómpre facer unha análise para coñecer en que medida se cumpriron as razóns que xustificaron a súa aparición. A normalización e a normativización do galego son dous procesos que o galego debe completar con éxito se quere garantir a súa pervivencia no futuro. Para ese labor é moi importante a concorrencia dos medios de comunicación, obrigados ademais pola lei que os crea, que co prestixio social que teñen e a súa capacidade de chegaren ó conxunto da poboación son unha ferramenta moi eficaz para a difusión das formas lingüísticas e das modificacións de tendencia nas actitudes e usos sociais verbo da lingua. Aínda que o seu labor na tarefa da normalización e normativización do galego foi significativa, a falta dun compromiso claro con eses procesos non permitiu aproveitar todo o posible as súas potencialidades.

**Palabras chave:** medios de comunicación, públicos, galego, normalización, normativización.

### Abstract

Since the appearance of the public media in Galicia – RG and TVG – we must analyze our linguistic situation in depth so as to know to which extent the goals which led to the creation of such media were fulfilled after the past twenty-eight years.

The normalization and the standardization of the Galician language are two processes that we should successfully complete if we wish to ensure its survival in future. To achieve this, the legally binding task of media performance is of a paramount importance because, due to their social prestige, they are able to reach the whole population. In this way, they constitute a highly efficient tool to spread all the linguistic expressions and trendy changes that might take place within the social attitudes and usages. Even though the media's mission to normalize and standardize the language of Galicia was meaningful, the lack of a clear commitment to both processes did not allow us to really profit from its maximum potential.

**Keywords:** public media, galician language, normalization, standardization.

O 11 de xullo do 1984 o *Diario Oficial de Galicia* publica a Lei de creación da Compañía da Radio-Televisión de Galicia que no artigo 16, correspondente ó epígrafe dos principios de programación, lle asignaba, entre outras, a obriga da promoción e difusión da lingua galega. Esta lei concretouse no ano seguinte co comezo das emisións da Radio Galega, o día 24 de febreiro, e da Televisión de Galicia, o día 24 de xullo do 1985.

O tempo pasado, 28 anos, dende a aparición dos medios públicos galegos xa permite ter perspectiva histórica abonda para poder suscitar a pregunta de se contribuíron efectivamente á promoción e difusión da lingua galega, tal e como esixe a súa lei de creación. A ela intentarase responder nas seguintes liñas.

### Normalización e normativización.

En Galicia conviven dúas linguas en condición de desigualdade. A propia, o galego, maioritaria na sociedade pero minorizada en tanto que hai funcións sociais ás que non ten acceso<sup>5</sup> e desprestixiada socialmente porque se considera que non é un medio útil para expresarse en determinados contextos<sup>6</sup>. O castelán, lingua allea traída a Galicia pola maquinaria administrativa de Castela, que se fixo cada vez máis intensa dende o século XVI, aínda é na actualidade nunha lingua minoritaria porcentualmente, pero maiorizada en tanto que a ela lle están reservadas as funcións sociais máis elevadas e posúe o prestixio social que ó galego se lle nega.

Como consecuencia da desigual situación social das dúas linguas as persoas galegofalantes intentan abandonar a súa lingua para adoptaren a mellor considerada socialmente. Para evitar que este proceso culmine coa desaparición do galego xurdiron xa no século XIX voces que reivindicaron o idioma propio e iniciaron a normalización lingüística.

Para o que afecta a este artigo entenderase o concepto de normalización lingüística como un proceso de intervención social sobre a lingua dunha comunidade que pretende a inversión das actitudes e dos usos ata converter a lingua dominada na única usada na súa comunidade. Para que este proceso teña garantías de éxito é necesario xunguir dúas vontades, a social e a política. Difícilmente se poderán conseguir avances significativos no estatus da lingua dominada se tódolos sectores sociais non se implican no proceso de modificación de funcións. Tampouco nada se poderá facer se non existe a suficiente vontade política para legislar ó seu favor e para crear as condicións necesarias que recollan e empurren unha dinámica social favorable.

Moitas linguas minorizadas, e o galego non é unha excepción, deben acompañar o proceso de normalización social cunha intervención sobre o corpus consistente, fundamentalmente, en fixar unha ortografía e unha ortofonía; en escoller as solucións fonéticas, morfolóxicas, sintácticas, léxicas e semánticas máis correctas e en presentar propostas terminolóxicas axeitadas para novas necesidades comunicativas. Esta tarefa está reservada fundamentalmente ás autoridades científicas do idioma, que deberán, así e todo, buscar o maior consenso político e social sobre as súas propostas para conseguir a súa aceptación pola comunidade falante.

Aínda que para nomear o conxunto de intervencións sobre a forma do código, lingüistas de prestixio propuxeron denominacións como planificación lingüística ou normativación, neste traballo usarase a etiqueta normativización por ser a de máis tradición na literatura sociolingüística galega.

Como xa se indicou máis arriba, a lei que posibilita a aparición da radio e da televisión públicas galegas non menciona os termos normalización nin normativización. Con todo, hai un consenso xeneralizado en que eses dous procesos son os que se agachan detrás da obriga de promoción e difusión da lingua galega. Así o entendeu tamén o Consello de Administración da CRTVG no ano 1986 no prólogo dos *Principios Xerais de Programación* onde se salienta que a radio e a televisión galega “secundan a tarefa da normalización da lingua” e se fai notar a súa influencia na “difusión eficaz das vixentes normas lingüísticas”. Tamén se incide na importancia de “manter unha lingua na súa autenticidade viva, de forma que non soamente sexa útil, senón que siga conservando a beleza e toda a súa riqueza de contido” e a de devolver ó idioma “o seu carácter xenuíno de medio correcto de expresión e comunicación”<sup>7</sup>.

O expresado polo Consello de Administración autoriza a considerar que o sintagma ‘promoción e difusión da lingua galega’ é equivalente a ‘normalización e normativización da lingua galega’, polo que estes tamén forman parte dos principios que han de inspirar a programación dos medios xestionados pola Comunidade Autónoma, neste caso a radio e a televisión.

<sup>5</sup> Só a título de exemplo pódese mencionar que nestes momentos é moi difícil asistir a un xuízo en calquera dos xulgados de Galicia que se desenvolva en galego, dándose mesmo o caso de que persoas galegofalantes están obrigadas nese caso a expresárense en castelán.

<sup>6</sup> A persoa propietaria dun comercio, por máis que sexa galegofalante, tenderá a dirixirse de primeira intención á súa clientela en castelán. Mesmo que esa clientela se exprese en galego, o cambio de idioma da propietaria non se producirá inmediatamente, senón despois de avaliar esta inconscientemente que o seu mantemento na posición de superioridade que lle dá o uso do castelán lle pode facer perder o negocio.

<sup>7</sup> As citas do *Principios Xerais de Programación* están tomadas de Dobao 1993:31-32. Non nos foi posible conseguir o texto completo.

## A importancia dos medios de comunicación para a normalización do galego.

O proceso de reivindicación da lingua galega iniciouse con forza no século XIX cando persoas amantes da súa lingua se fixeron conscientes de que o mantemento sen alteración da súa situación social conduciríaa irremediabilmente á desaparición. Aplicáronse daquela a reclamar unha cambio social e a actuaren en consecuencia recuperando o uso literario da lingua, iniciando o seu estudo científico, usándoa en actos públicos, reivindicando a súa presenza no ensino, etc (cf. Hermida, 1992).

As persoas que iniciaron a reivindicación do galego no século XIX xa foron conscientes de que para avanzar na modificación do seu estatus social era necesario asegurar a súa presenza nos xornais, daquela o único medio de comunicación de masas actuais que existía. O semanario *El Herald Gallego*, dirixido polo xornalista e escritor Valentín Lamas Carvajal, foi o primeiro en realizar un chamamento ós seus compañeiros de profesión para que incluísen, sequera semanalmente, algunha sección en galego para lograr avances significativos na súa propaganda activa e constante. Posteriormente *O Tío Marcos da Portela*, semanario en galego creado no ano 1878 polo propio Lamas Carvajal, retomou e ampliou esta reivindicación coas seguintes palabras:

*“Eu creo ô meu corto parecer, que sería bon medio de precurar que todos los fillos de Galicia se gabasen de lêlo é falalo en púbrico valerse d’os pródicos diarios, é con tal que estos á unha fixesen con algo de interés y-entusiasmo unha boa campaña, paréceme que logo se habían tocar con proveito os resultados. Mentira parece que de tanto diario como sai á luz todol-os días en Galicia non haxa ningun que defenda a terra en gallego, é que teña ún que contentarse solamentres con dous semanarios escritos no propio linguaxe.*

*Bueno, pois xa que non se poida conseguir pol-o d’agora que a mayor parte d’ os pródicos que se publican en Galicia s’ escriban todos en gallego, ô menos valerse algo d’ eles e convirse todos ou casi todos en publicar unha d’ as seuciós sempre en gallego. Que esta seución fose, poño por caso, a que publica as noticias d’ a localidá, e co-eso teríamos despois a seución toda de noticias gallegas escrita n-a nosa fala.*

*O periodistas desempeñaría d’ esta maneira unha d’ as principás misiós que lle impon o seu nobre cargo y-a prensa faríalle un servicio â terra gallega, que nunca se podería estimar o bastante, porque o principal monumento que un pobo levantar, é a rexeneracion verdadeira d’ o seu linguaxe, y-a proba mais concruyente de que se cobiza con gusto é que sostén con teson o que un afamado escritor lle chamou a bandeira da pátreas” (Hermida, 1990:597).*

A radio comeza as súas emisións en Galicia na década dos 30. Neses momentos en Galicia estase a traballar na redacción do Estatuto de Autonomía. As persoas involucradas no recoñecemento da identidade diferencial de Galicia dentro do estado español axiña comprenderon a versatilidade dese novo medio para a propaganda das súas ideas e inundaron as ondas con elas. O Estatuto foi aprobado en referendo o día 28 de xuño do 1936.

Aínda que como indica V. Freixanes (2004:381) “non é que a primeira radiodifusión galega, que nace no marco da Segunda República, se expresase en galego, non, aínda que o galego empezase a ter daquela unha consideración ascendente consonte co pensamento político que inspiraba un novo modelo de sociedade”. Así e todo, o galego como lingua de uso e como código de representación, símbolo de identidade nacional do país, está presente dende os primeiros momentos da radio, ben dun xeito vehicular, para chegar ás audiencias rurais instaladas no idioma, ben dun xeito reivindicativo e culto, na tradición dos precursores e nas coordenadas ideolóxicas do galeguismo ascendente (Freixanes, 2004:382).

Cando Freixanes fala do uso vehicular do idioma refírese ó realizado por persoeiros como Xosé Mosquera Pérez, que mantiña dous espazos na programación diaria de Radio Galicia no ano 1933, un pola mañá, dedicado ós contos, e outro pola tarde de recitado de poesías. O “Vello dos Contos”, o seu personaxe primeiro e máis famoso acabou por darlle nome tamén ó seu creador. “Dende os micrófonos de Radio Pontevedra, Ramón Valenzuela fixo popular outro personaxe paisano, “O Vello dos Cestos”, en parte inspirado no de Mosquera Pérez. A súa participación foi moi activa durante a campaña estatutaria. O propio Valenzuela escribiu guións para Unión Radio Galicia que desgraciadamente non se conservan” (Freixanes, 2004: 380).

O uso reivindicativo do idioma está presente en programacións especiais sobre o Estatuto ou noutros aconteceres históricos e festivos<sup>8</sup>, na retransmisión dos mitins a prol do Estatuto con que as forzas políticas percorrían Galicia nesa altura, na emisións en directo de reunións e asembleas...; e tamén nas numerosas conferencias que se emiten polas ondas desas primeiras radios, tanto as realizadas nos períodos de probas como as programadas nas emisións regulares. Os micrófonos das radios da época acolleron as voces de Castela, Villar Ponte, Bóveda, Fernández del Riego, Luís Seoane, Suárez Picallo, Álvaro de las Casas, etc. E todos eles se expresaron en galego, independentemente do tema tratado, o que supuxo para moita xente popular, pouco afeita a tratar cos círculos galeguistas, a constatación de que o galego, o seu idioma, ademais de servir para falar no campo e do campo, tamén se podía empregar para falar de temas de bioloxía, de medicina, etc.

A televisión pública nace en España na década dos 50, en plena ditadura franquista, co castelán como lingua vehicular das súas emisións. A radiotelevisión española abriu as súas portas ás linguas non españolas na década dos setenta permitindo que os seus centros emisores en Cataluña, Galicia, Valencia e Balears realizasen desconexións con programas informativos en lingua propia. O primeiro centro territorial que emitiu o seu informativo en lingua non castelá foi o de Barcelona, que sería seguido no 1974 polo que presentaban X. M. Palmeiro e M. T. Navaza e dirixía L. Mariñas realizado no centro territorial de Santiago de Compostela, situado nun andar da rúa do Vilar (Duran, 1989:118-124).

Despois da morte do ditador Francisco Franco, España entra nun proceso democratizador que se substancia na proclamación da Constitución do 1978. Nesta norma máxima recoñécese a posibilidade para as nacionalidades históricas de accederen ó autogoberno, a realidade multicultural do estado e a cooficialidade, dentro do seu territorio, do catalán, vasco e galego. Con base nesta lei redáctanse os primeiros estatutos de autonomía, que insisten na oficialidade das linguas non castelás e recollen a posibilidade da creación de medios de comunicación propios.

Ó abeiro dos diferentes estatutos naceron as televisións públicas autonómicas. A primeira en ser creada, o 20 de maio do 1982, foi a Euskal Irrati Telebista, que realizou, a través da ETB, a súa primeira emisión o 31 de decembro dese mesmo ano. A lingua da súa programación é o euskara, aínda que con subtítulos en castelán<sup>9</sup>. O 14 de xuño de 1983 aprobouse a Lei de creación da corporación catalá de televisión, que permitirá as primeiras emisións, o 20 de xuño dese ano, de Catalunya Radio; e o 10 de setembro, da TV3. A súa lingua de expresión é o catalán. En Galicia o 11 de xullo do 1984 aparece publicada a Lei de creación da Compañía da Radio-Televisión de Galicia que no artigo 16, correspondente ó epígrafe dos principios de programación, sinala que: “os principios que han de inspirar a programación dos medios xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia son os seguintes: a) O respecto á Constitución e ao Estatuto de Autonomía de Galicia e a promoción e difusión da Cultura e Lingua Galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega”. Para desenvolver esa lei, o 24 de febreiro do ano 1985 comezou a emisión en probas da Radio Galega, que se regularizou a partir do 29 de marzo do 1985 cunha programación de 24 horas en lingua galega. A TVG iniciou as súas emisións o 24 de xullo do 1985. Estas fixéronse continuadas a partir do 29 de setembro dese mesmo ano coa emisión de 39 horas á semana, que foron aumentando progresivamente ata cubriren as 24 horas diarias.

A difusión da lingua e da cultura propia foi a razón primeira –aínda que non a única- que sustentou a creación das tres compañías citadas e das emisoras que desenvolveron<sup>10</sup>.

<sup>8</sup> Segundo recolle Freixanes (2004:381), en marzo do 1935 Radio Pontevedra emitiu unha programación especial de Semana Santa con intervencións de Filgueira Valverde, Álvarez Limeses, Pedret Casado, Blanco Porto, etc., que se expresaron en galego.

<sup>9</sup> Posteriormente creouse a ETB2, que emite maioritariamente en castelán, e abandonouse o sistema de subtitulación.

<sup>10</sup> Esa mesma razón de promoción da lingua propia pode esgrimirse para a creación no 1984 da compañía radio e televisión valencianas que comezou a emitir a través de Radio Nou e Canal Nou o 2 de setembro de 1989. Esta corporación aposta polo bilingüismo – castelán e valenciano- na súa programación. A primeira compañía de radio e televisión autonómica creada nun territorio que non ten unha lingua propia distinta do castelán foi, no 1988, a andaluza que comezou a emitir no 1989 a través de Canal Sur Radio e Canal Sur Televisión.

## Os medios públicos de Galicia e a súa incidencia na normativización do galego.

O modelo de lingua empregado nos medios de comunicación, especialmente nos audiovisuais, é un referente para os falantes de calquera idioma polo prestixio social que posúen os seus emisores, que tamén se lle concede ós seus contidos e ó código en que se expresan. Ademais, os medios son accesibles ó conxunto da poboación polo que aquilo que eles programan ou usan adquire unha difusión imposible de conseguir doutro xeito. Estes feitos fan que as súas escollas lingüísticas, difundidas ó mesmo tempo entre a poboación, non pasen desapercibidas ós falantes, que tenden a imitalas.

Na actualidade os medios de masas están considerados os actores máis relevantes do cambio lingüístico e, no caso das linguas en proceso de normativización, os principais difusores das propostas realizadas polas autoridades científicas. Para que a súa influencia sexa positiva para o sistema lingüístico cómpre que os medios, especialmente a súa dirección e as persoas que neles traballan, sexan conscientes da súa relevancia e asuman esa tarefa con responsabilidade.

A TVG comezou as súas emisións con dous programas estrela, os partidos de fútbol e a serie americana *Dallas*, que condicionou moitas discusións do café co uso das palabras *pendón* e *bébeda*. Esta porque pertencía a un nivel de lingua que non era o máis común entre os falantes; aquela porque resultaba estraña –por ser un insulto común– nun medio como o televisivo. Este feito anecdótico acontecido nos inicios da televisión en galego anuncia a falta de acordo que se ten sobre o modelo de lingua en que esta leva emitindo 28 anos. No traballo de Soto e Vidal (1997:845) sobre as opinións que os falantes teñen da súa lingua vese esta dualidade cando as persoas de máis idade prefiren o seu galego ó da televisión porque este lles resulta moi refinado e non o entenden facilmente, aínda que tamén o consideran máis correcto. As persoas máis novas, pola contra, tenden a considerar que o galego da televisión é mellor có seu porque é máis auténtico, máis fino e máis correcto, aínda que tamén o consideran máis artificial.

Os distintos traballos que analizaron ó longo dos anos o idioma usado nos medios públicos galegos coinciden en sinalar os numerosos erros que cometen ó dárenlles forma ás súas mensaxes. Antón Dobao (1990:107) fala da baixa calidade lingüística das súas emisións e do “esborrallamento do sistema fonolóxico do galego” por eles empregado, que é consecuencia da preferencia por unha lingua que soe pouco a galego, a primacía da escrita sobre o oral, o rexeitamento do estándar e a preponderancia dada ó significado (Dobao, 2004:301-304). Xosé Soengas (2004:435) falando dos profesionais do medio insiste en que “a maioría teñen serias dificultades para pronuncia-lo x, así como as vocais abertas e pechadas e moitas veces confunden as formas verbais ou colocan mal os pronomes, un problema que se agrava cando se fan transmisións en directo e os textos non son revisados previamente polos asesores lingüísticos da casa”. En Hermida 2008a (167-174) e 2008b (64-72) relaciónanse os diversos usos errados detectados en distintas emisións dos medios públicos que afectan ó plano suprasegmental, especialmente á entoación das interrogativas, ó final dos períodos enunciativos e á enfatización de palabras e sintagmas; ó plano fonético, coa incorrecta articulación das vogais medias abertas, da consoante fricativa palatal e da nasal velar; ó plano sintáctico, con faltas de concordancia, mala colocación do pronome, usos incorrectos das preposicións; ó plano léxico, co uso de numerosos castelanismos, etc.

A mínima calidade lingüística das emisións dos medios públicos é debida ás seguintes causas:

- A política de contratación do persoal, xa que desde o primeiro momento se tivo “pouco coidado en configurar un equipo de xornalistas que dominasen correctamente o galego escrito e oral. Mais ben sucedeu o todo o contrario. E este erro cometeuse sucesivamente en case tódalas contratacións de persoal que se realizaron, pois non se consideraba o dominio correcto do galego un requisito imprescindible para traballar de xornalista ou de locutor-presentador, mesmo contaba máis a telexenia, o trímbre da voz ou outros factores alleos ó xornalismo. Debido a este descoido progresivo á hora de selecciona-los profesionais da información e da comunicación que ían traballar nos dous medios autonómicos, actualmente o 90 por cento dos redactores da Radio Galega e da TVG son castelanfalantes habituais, mesmo no seu posto de traballo, e só utilizan o galego nos casos en que é imprescindible (Soengas, 2004:434).

- A pouca relevancia que se lle deu ó traballo do servizo de asesoría lingüística, hoxe Servizo de Normalización Lingüística, formado por titulados universitarios en filoloxía galega relegados á “corrección de textos escritos (evidentemente para logo seren lidos) e en menor medida na orientación da corrección da oralidade. Nos informativos, durante unha primeira etapa, fíxose seguimento e informe sobre a calidade da lingua mais abandonouse cando se multiplicou a produción informativa; por outra parte, empezouse a facer un labor de control, posterior á elaboración do produto, da dobraxe e dalgunha programación propia e revisábanse e informábanse as dobraxes de filmes e algúns programas” (Méndez, 2008:128).
- A ausencia dun modelo estándar específico para os medios de comunicación, completo e pechado, que as autoridades científicas e académicas aínda non foron capaces de redactar<sup>11</sup>. Esta carencia xa era salientada por Pérez (1992:140) hai 20 anos sen que ata a data se lle dese solución:

*“O que estou a reclamar é basicamente un libro de estilo. Un manual que lles aporte ós profesionais solución ós problemas de utilización da linguaxe e resolva as dúbidas que poidan xurdir no exercicio do traballo. Este libro de estilo tería que especificar claramente qué arcaísmos son susceptibles de seren utilizados; tamén qué neoloxísmos son aceptables; debería relaciona-los topónimos estranxeiros especificando a súa pronuncia; en suma, debe ser un compendio de regras elementais que orienten a tódolos que participamos no proceso da comunicación de masas e permitan a uniformización de criterios”*

- A falta de interese das autoridades políticas e das direccións dos medios, sempre máis preocupados por controlar os contidos informativos e por colocar debidamente a súa xente que por asegurar que o código en que se emiten as mensaxes non sufra agresións e resulte o máis intelixible e identificador posible e as persoas que as emiten sexan capaces de articulalas co nivel axeitado de corrección.
- A desidia do persoal ó servizo dos medios públicos, que aínda non foi quen de comprender que a única razón legal en que se sustenta o seu posto de traballo é a difusión e promoción da lingua galega. X. M. Pérez afirmaba no 1992 (páx. 139) que existían naquel momento tres paradigmas de profesionais no medio: “A) Quen non coñece a lingua ou non é capaz de utilizala con corrección; B) Quen non se preocupa por expresarse axeitadamente; C) Quen, concienciado pola transcendencia do seu traballo, ansía desempeñalo coa responsabilidade que a sociedade lle debe esixir”. O grupo c), que xa daquela era minoritario, segue a ser hoxe residual sen que se albisquen perspectivas de cambio pois non se percibe entre eles a conciencia de que a lingua é a súa verdadeira ferramenta de comunicación -non a color dos ollos nin o modelo de chaqueta nin o corte de pelo- e se esta non é correcta, a comunicación non existe.

En conclusión, a maior contribución dos medios públicos galegos á normativización do galego pódese situar no plano léxico, maiormente pola difusión que fixeron das alternativas correctas a formas espontáneas totalmente castelanizadas, como o caso de \*dios ou \*plomo para as que toda a poboación sabe que a solución correcta son *deus* ou *chumbo*. No plano gramatical a súa incidencia resulta máis positiva ca negativa, agás o caso da colocación do pronome en que se validan usos incorrectos. Porén, no plano fonético a súa incidencia sobre a lingua espontánea, maioritariamente correcta, está a ser moi negativa xa que os usos que se fan están afastados do modelo galego e remiten ó propio da lingua castelá.

### **Os medios públicos de Galicia e a súa incidencia na normalización da lingua galega.**

Para avaliar a contribución dos medios públicos galegos ó proceso de normalización da lingua de Galicia cómpre ver, en primeiro lugar, en que medida axudan a conseguir os seus obxectivos básicos, que podemos identificar como:

<sup>11</sup> A última contribución ó respecto é o traballo de Regueira 2010, que contén unha colección de 50.000 voces ás que se lles fixa a pronuncia máis axeitada ó presentalas coa súa transcripción fonética e un prólogo en que deseña un modelo de pronuncia padrón. Así e todo, aínda quedan moitos aspectos da ortofonía por fixar, como tamén hai moitas lagoas nas propostas gramaticais e léxicas.

- a) A eliminación dos prexuízos lingüísticos que consideran que o galego unha lingua só propia das persoas máis incultas e menos formadas na vida social.
- b) A recuperación do prestixio social para o idioma dándolle a mesma valía ca calquera outro para a expresión en calquera contexto comunicativo.
- c) A extensión social do seu uso coa asunción por parte do galego dos roles funcionais que están reservados só para o castelán.
- d) O aumento do número de falantes ata converter o galego na lingua de instalación do conxunto da poboación de Galicia (e tamén daquelas comarcas estremeiras en que é lingua propia).

As emisións da RG e da TVG dende os seus inicios ata a actualidade demostráronlle á sociedade galega que o seu idioma propio era dominado e usado con naturalidade por persoas de toda condición social e de calquera profesión e idade procedentes dos hábitats máis diversos. A través destes medios tamén se chegou a comprobar que o galego se fala con naturalidade fóra das fronteiras administrativas de Galicia e que hai persoas orixinarias doutros países que non dubidan en aprender a lingua de Rosalía e a empregan con absoluta corrección e total convencemento. Para o cumprimento deste primeiro obxectivo da normalización lingüística, a contribución dos medios públicos en galego foi fundamental.

Tamén foi moi relevante a súa achega para recuperar o prestixio social e demostrar a súa valía en calquera contexto comunicativo porque “nas súas emisións se ampliou e se chegou a completa-lo repertorio de roles dunha variedade lingüística reducida a variedade funcional (...) Derrubouse o prexuízo lingüístico segundo o cal a lingua galega só era apta para determinados roles sociais e demostrouse que é unha variedade lingüística coas mesmas posibilidades que calquera outra” (Dobao, 1993:35). Con todo, este contributo á normalización vese minorizado porque a radio e a televisión insisten en programar contidos que tenden a presentar unha sociedade rural e atrasada á que hai que tratar coa condescendencia e coa displicencia de quen lingüísticamente se sitúa nun nivel superior. Ademais, a gran maioría das persoas que conforman os planteis da compañía ten o galego só como lingua de relación para determinadas funcións, mentres a súa lingua de instalación profesional é o castelán (Dobao, 1993:32). Este feito, ó ser percibido polo receptor dos medios, converte o uso do galego nunha liturxia, nunha ficción, nun coma quen que minimiza os seus potenciais efectos positivos sobre a normalización.

Non existen estudos que nos permitan avaliar con certeza a influencia dos medios públicos galegos na elección da lingua dos habitantes de Galicia, mais si se pode presentar unha comparativa dos distintos datos estatísticos dos que se dispón dende o ano 1992 presentados polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (MSG) e polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Verbo do número de falantes iniciais das dúas linguas faladas en Galicia, a evolución é a seguinte<sup>12</sup>:

	1992	2003	2008
Galego	62%	52%	47%
As dúas	11%	16%	23%
Castelán	26%	30%	27%

No tocante á lingua de expresión habitual a evolución é a seguinte:

	1992	2003	2008
Galego ou máis galego	68,6%	61%	59%
Castelán ou máis castelán	31,4%	39%	41%

Non se pode caer no erro de considerar que os medios públicos son os únicos responsables da negativa evolución que segue o uso do galego, aínda que non se erra de se afirmar que estes non axudaron a deter a desafección que a poboación de Galicia sente polo seu idioma.

Acábase de ver como nos catro obxectivos fundamentais da normalización os medios públicos só incidiron con forza nun deles, o prexuízo que identificaba galego con incultura e ruralidade. Para os

<sup>12</sup> Para evitar dificultades de lectura prescínlese dos decimais e redondéanse as cifras.

restantes o seu contributo semella cativo. Así e todo, hai outros aspectos secundarios da normalización en que a súa existencia resultou relevante.

As emisións da radio e da televisión en galego superaron dende os seus inicios as fronteiras administrativas de Galicia ó chegar o seu sinal ás zonas estremeiras de Asturias, León e Zamora, que son zonas de expresión galega. Este feito é moi relevante xa que permitiu que os falantes estremeiros, que non teñen ningunha outra relación administrativa coa súa lingua, puidesen entrar novamente en contacto coa comunidade de fala galega e puidesen sentirse de novo incluídos nun colectivo do que os separaron os diversos contenciosos territoriais.

Aínda que xa se dixo que os medios non parece que influíron no aumento do número de falantes de galego, xa que este non se produciu, a eles lle corresponde o mérito de permitir que tódolos sectores sociais teñan ó seu dispor unha canle en galego á que, na medida en que a programación lles resulte atractiva, poden acudir para satisfacer o seu lecer. Na actualidade, a oferta da TVG e da RG é unha máis e ninguén manifesta ningunha reticencia para acceder a ela pola lingua en que se realizan as súas emisións. Cando os programas son atractivos, a lingua de instalación do público non condiciona a elección. Así se puido comprobar co *Xabarín*, sección infantil vista tanto por nenos galegofalantes, como por aqueles que nin falaban galego nin escoitaban esta lingua no seu arredor. Aínda máis, algunha das series emitidas neste colector, en concreto, *Shin Chan* e *Bólas de dragón*, non foron recibidos co mesmo agrado polos propios castelanfalantes cando se emitiron noutras canles na súa dobraxe ó castelán. A introdución do galego en ámbitos familiar e socialmente castelanizados é outra das grandes contribucións dos medios públicos á normalización da lingua galega.

## Conclusión

A xeito de conclusión, quero facer miña a opinión expresada por X. Antón L. Dobao no 1990 e que considero aínda vixente na actualidade: “a normalización lingüística e a normalización cultural son os dous eixos básicos do funcionamento da TVG e a súa verdadeira razón de ser, pero o descoñecemento ou a non asunción deste mandato legal provocou nefastas políticas de dirección que a encheron de contidos socioculturais *uniformizadores*<sup>13</sup> e chegaron a deixar á beira do baleiro gran parte das funcións de *normalización* da lingua propia de Galicia. A baixa calidade lingüística dalgunha das súas emisións resulta evidente e é unha consecuencia indirecta da [súa] instrumentalización política” (Dobao, 1990:107).

## Referencias bibliográficas

- Dobao, X. A. L. (1990): “Normalización lingüística e medios de comunicación”. *A Trabe de Ouro* 2 (1990), 103-115.
- Dobao, X. A. L. (1993): “A lingua galega e a TVG. Situación actual e propostas para unha nova política lingüística (I)”, *Cadernos de Lingua* 7 (1993), 27-44.
- Dobao, X. A. L. (1994): “A lingua galega e a TVG. Situación actual e propostas para unha no política lingüística (II)”. *Cadernos de Lingua* 9 (1994), 27-53.
- Dobao, X. A. L. (2004): “O discurso oral público galego”, en Álvarez, R. / Fernández, F. / Santamarina, A. (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Vol. II. Santiago: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, 297-306.
- Durán, R. (1989): *O xurdimento dos medios de comunicación galegos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia.
- Hermida, C. (1990): “Unha estratexia para a normalización lingüística. Un texto do Tío Marcos da Portela”, *A Trabe de Ouro* 4 (1990), 101-105.
- Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Xerais.

<sup>13</sup> Para o autor a uniformización é “a imposición dun sistema de valores sociais e lingüísticos que levan a unha poboación a arredarse do seu propio idioma e acollerse ó dominio da lingua de prestixio” (Dobao, 1990:105). O seu concepto de normalización coincide co expresado neste traballo.



- Hermida, C. (1999): “Un modelo de lingua para os medios de comunicación de masas”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. I, 501-518. Santiago de Compostela: Universidade.
- Hermida, C. (2008a): “A calidade do galego nos medios de comunicación audiovisuais”, en Túnñez, M. (coord.): *Emitindo en dixital. Deseños de futuro en radio e televisión*. Santiago de Compostela: Consello Asesor RTVE, 165-176.
- Hermida, C. (2008b): “A cantidade e a calidade do galego nos medios”, en Freixeiro, X. R. / Ríos, M. / Filloy, L. (eds.): *Lingua e comunicación. IV Xornadas sobre lingua e usos*. Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña: Servizo de Normalización Lingüística, 57-73.
- Freixanes, V. F. (2004): “Primeiros pasos do galego na radiodifusión: 1933-1936. A primeira radio galega”, en Álvarez, R. / Fernández, F. / Santamarina, A. (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Vol. III, Santiago: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, pp. 371-383.
- IGE. Instituto Galego de Estatística, en [http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004).
- Maneiro, A. (1993): *Historia da radiodifusión en Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.
- Méndez, L. (2008): “O modelo de galego oral na televisión”, en Freixeiro, X. R. / Ríos, M. / Filloy, L. (eds.): *Lingua e comunicación. IV Xornadas sobre lingua e usos*. Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña: Servizo de Normalización Lingüística, 119-133.
- MPS. VV.AA. (1994): *Mapa sociolingüístico de Galicia. Vol. I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. (1995) *Vol. II. Usos lingüísticos en Galicia*. Vigo: Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega.
- Pérez, X. M. (1992): “A normalización lingüística na radio e a televisión de Galicia. Propostas dun xornalista”. *Cadernos de Lingua* 6 (1992), 137-141.
- Regueira, X. L. (2010): *Dicionario de pronuncia da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Soengas, X. (2004): “O papel da Televisión de Galicia e da Radio Galega na normalización lingüística”, en Álvarez, R. / Fernández, F. / Santamarina, A. (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Vol. I. Santiago: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, pp. 431-437.
- Soto, X. A.; Vidal, A. (1997): “Consideracións arredor do galego no interior da provincia de Pontevedra”, en *Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*. <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Soto.pdf>, 834-859.

**Forma de citar este artigo:**

Hermida Gulías, Carme (2012): “A contribución da radio e da televisión públicas de Galicia á normalización e normativización da lingua galega” en *Anuario Internacional de Comunicaçao Lusófona*, 10. Santiago de Compostela: AGACOM e LUSOCOM, páxinas 35-51, recuperado o \_\_ de \_\_\_\_ de 2\_\_ de [http://issuu.com/anuariolusocom/docs/cap\\_tulo\\_4?mode=window&viewMode=doublePage](http://issuu.com/anuariolusocom/docs/cap_tulo_4?mode=window&viewMode=doublePage)